Revista GaLEGa de filoloxía
monografía 9

# Lingua, texto, diacronía

## Estudos de lingüística histórica

Leticia Eirín García
Xoán López Viñas
(editores)

**Director:** Xosé Ramón Freixeiro Mato (Universidade da Coruña)

**Subdirector:** Xosé Manuel Sánchez Rei (Universidade da Coruña)

**Secretario:** Xoán López Viñas (Universidade da Coruña)

**Edita:** Área de Filoloxías Galega e Portuguesa
Departamento de Galego-Portugués, Francés e Lingüística

**Depósito Legal:** C 2238-2014

**ISBN:** 978-84-9749-609-4

**Distribúe:** Consorcio Editorial Galego: pedimentos@coegal.com

**Deseño:** Torné Asociados

**Maquetación:** Antonio Souto

# Índice

Limiar
*Leticia Eirín García / Xoán López Viñas* 5-7

Da lección manuscrita á lectura crítica:gramática histórica, *constitutio* e *interpretatio textus*
*Mariña Arbor Aldea* 9-31

Denominacións metafóricas dos órganos sexuais femininos, vinculadas ao campo sémico do aloxamento, nas cantigas de escarnio e maldizer
*Xosé Bieito Arias Freixedo* 33-58

A expresión da IRA nas cantigas de amor e de amigo
*Mercedes Brea* 59-96

Construções com *ser*, *estar* e *jazer* na história do português: notas em torno de inovação, persistência e obsolescência
*Maria Teresa Brocardo* 97-107

Poetics, Historical Grammar and Textual Criticism: *Augua* or *Agua* in Pero Meogo?
*Rip Cohen* 109-122

Corominas e a etimoloxía galega
*Rosalía Cotelo García* 123-141

O alógrafo sigmático do grafema <z> na documentación medieval galega
*Pedro Dono López* 143-159

O léxico do proceso amoroso nas cantigas de amor de Don Denis
*Leticia Eirín García* 161-175

Por volta de topónimos e textos afonsinos. A cantiga «Ansur Moniz, muit'ouve gran pesar» [B 482, V 65]
*Manuel Ferreiro* 177-196

*Vós sodes mui fraqueliña molher*. Sobre a sufixación apreciativa na poesía trobadoresca profana
*Xosé Ramón Freixeiro Mato* 197-225

A alternancia *h*-/Ø entre "ortografía alfonsí" e "ortografía dionisina"
*Pär Larson* 227-238

Unha ferramenta para o estudo do léxico medieval: o *GLOSSA*
*Xoán López Viñas* 239-256

Traxectoria histórica dos resultados galegos do sufixo número-persoal latino *-tĭs*
*Ramón Mariño Paz* 257-290

Edición de textos da Galiza medieval e moderna. Algúns proxectos en marcha
*Ricardo Pichel Gotérrez / Xavier Varela Barreiro* 291-318

*Caer/cair* e similares. Alguns apontamentos filológico-linguísticos
*José Luís Rodríguez* 319-350

Aproximación aos pronomes demostrativos nos primordios da Idade Moderna
*Xosé Manuel Sánchez Rei* 351-368

Os primeiros escritos em galego-português: revisão e balanço
*José António Souto Cabo* 369-393

# Aproximación aos pronomes demostrativos nos primordios da Idade Moderna*

*Xosé Manuel Sánchez Rei*
*Universidade da Coruña*
*Grupo ILLA (http://www.illa.udc.gal/)*
*sanrei@udc.es*

## 0. Introdución

O sistema de marcaxe deíctica durante a Idade Media caracterizouse nos pronomes demostrativos, que son uns dos máis claros expoñentes da deíxe, por presentar un sistema trimembre (embora con matices), herdeiro do modelo tricotómico latino. Aínda que cun reaxustamento dos paradigmas pronominais no evoluír do latín ao romance, as formas *este*, *esse* e *aquel(e)* foron empregadas, respectivamente, como elementos do primeiro termo da deíxe (T1), do segundo termo deíctico (T2) e do terceiro termo da deíxe (T3). Á marxe deste estadio a respecto dos demostrativos, ocorreron outras formas que coadxuvaron na identificación referencial, como é o caso dos pronomes reforzados *aqueste* e *aquesse* e dos compostos *estoutro*, *essoutro* e *aqueloutro*, conforme sinalamos en Sánchez Rei (2013).

Eis a situación que podemos denominar como xeral que, obviamente, nin sempre foi a mesma durante a Idade Media. Así as cousas, entre o final desta e os primordios da Moderna vai ter lugar unha serie de mudanzas ou alteracións que matiza esa situación inicial: así, algunhas formas comezan a ser empregues con normalidade dentro do paradigma de demostrativos (*estoutro* etc.); outras, polo contrario, van sendo progresivamente preteridas (*aqueste* etc.), embora puidesen chegar á época contemporánea en certas rexións lingüisticamente conservadoras; e, finalmente, os masculinos coñecen máis unha marca hipercaracterizadora de adscrición xenérica (*este>iste* etc.). O presente contributo pretende aproximarse dalgunhas desas modificacións, de certo transcendentes por preludiaren a situación dialectal dos nosos tempos. Canto ás fontes manexadas, utilizamos principalmente as obras en galego

* O presente traballo desenvolveuse no marco do proxecto de investigación FF2009-08917 e FFI2012-32801, subsidiado polo "Ministerio de Ciencia y Tecnología" e o "Ministerio de Economía y Competitividad", a través da "Subdirección General de Proyectos de Investigación". O autor quere expresamente agradecer ás persoas que leron as primeiras versións deste texto as suxestións que lle fixeron, as cales sen dúbida coadxuvaron na mellora da redacción orixinaria.

conservadas da altura, aínda que algunhas delas excedan os limites cronolóxicos do principio da Idade Moderna, e tamén empregamos os datos contidos nalgúns textos escritos en español en que hai personaxes galegas que se exprimen na nosa lingua; igualmente, acudimos ás gramáticas portuguesas como fontes de información e, indirectamente, traballamos con algunhas obras de similares características pensadas para o español, lingua que tamén coñeceu formas equivalentes nos paradigmas pronominais dos demostrativos.

## 1. Punto de partida: os textos

Após o esplendor da literatura medieval, o galego, nos territorios da Galiza, perde a súa condición de idioma escrito na Idade Moderna como unha das consecuencias derivadas de procesos políticos de maior magnitude e só sobrevive nos usos orais da coloquialidade e das relacións familiares, ao contrario do que aconteceu en Portugal, en que continuou a se empregar so o nome de portugués e onde produciu unha das literaturas occidentais máis notábeis artisticamente. Aínda que co pasar do tempo van descubríndose e dándose a lume novos textos en galego, como a *Historia da Santa Igrexa de Iria*, manuscrito do século XVIII publicado en 2011 (HSM), ou o *Romance da urca de Santo Antón*, datado en 1777 e editado recentemente no ano 2012 (RUS), cuantitavamente constitúen un número escaso e, en xeral, de pouca validade artística[1]. Xorde aquí, en primeiro lugar, unha cuestión de relevo, cal é o feito de que os datos que puidermos extraer a respecto da morfoloxía dos pronomes demostrativos ficarán subordinados a esta situación de parquidade documental.

En segundo lugar, durante os séculos XVI-XVII aparecen algúns dos fenómenos lingüísticos que veñen afastar as falas galegas das portuguesas, ao paso que tamén se consolidan outros xa emerxentes no final da Idade Media. En parte debido a isto, nos territorios da Galiza evolúen libremente solucións locais que non se atestan en Portugal ou que, cando menos nos textos conservados, non foron reflectidas. Aliás, o proceso de españolización desenvolvido no país debe ter coadxuvado nun maior grao de afastamento entre o norte e o sur do Miño relativamente á lingua, situación que cómpre termos en conta como posíbel árbitro entre varias solucións galegas das cales unha coincide coa lingua foránea e que coñece, precisamente por este motivo, un uso maior na nosa época[2].

1 Para unha relación das obras impresas e manuscritas do século XVIII, véxase, por exemplo, Mariño Paz (2012: 135-136, 165-167).

2 Repárese, poñamos por caso, no presentemente uso esmagador de *pero* face a *mais*, na máis frecuente atestación de estruturas sintácticas do tipo *É preciso que veñades axiña* a respecto de *É preciso virdes axiña*, de *Hai que facelo* por *Haino que facer* ou *Hai que o facer* etc.



E en terceiro lugar, cómpre facermos notar o case nulo coñecemento que do galego teñen as persoas que transmitiron os textos, cos subsecuentes problemas ecdóticos que implica tal situación. Para alén dos casos en que a literatura dos denominados Séculos Escuros e Ilustración Galega é de orixe tradicional ou anónima, as poucas obras en galego presentan certos problemas de transmisión por se conservaren mediante textos apógrafos, non raro reproducidos en obras feitas fóra da Galiza e por persoas descoñecedoras da lingua. Relacionado tamén con isto, están algunhas variedades empregadas en certos textos españois e portugueses, en que existe unha personaxe galaica, pois entran dentro destas dificultades interpretativas: o idioma en que se vehiculiza esa literatura, especialmente nos textos españois, é máis ben un español agalegado, en que se aprecia un leve verniz de galeguía lingüística exprimido nunhas cantas palabras e utilizado neses casos como unha simple marca para ridiculizar tal protagonista a través da fala[3].

## 2. A documentación nas obras

### 2.1. Textos redixidos en galego

Segundo vimos, poucos son os testemuños documentais que se conservan de tal época, mais son os únicos do comunmente denominado período medio que nos poden proporcionar informacións para sabermos cal era o estado na Galiza dos pronomes demostrativos, embora non só. A primeira desas mostras nos finais do século XV e corresponde a unha composición anónima. O "Pranto da Frouseira", así chamado, coñece o emprego da forma reforzada para T1 nunha única ocasión: *por aquestes tredores* (SEI 15). Por súa vez, na correspondencia do conde de Gondomar, datada entre 1598 e 1605, rexístrase a forma *iste* (*co'iste mensajeiro*, SEI 98), aínda que non falta algún exemplo de masculinos sen hipercaracterización (*deste Reino*, SEI 98); estas misivas, xuntamente coas outras cartas do nobre galego, foron redixidas na rexión de Baiona, zona, por tanto, en que son descoñecidos os demostrativos masculinos con <i> mais onde se atestan os invariábeis hipercaracterizados con esta mesma vogal.

Nos versos do anónimo *Saqueo de Cangas polos turcos*, composto arredor de 1617, aparecen algunhas formas como *ises* (*ises por ti non chaman*, SEI 19), paralela a *il* (*e estaba il*, SEI 17). Outros trazos que se achan veñen correspondéndose coas

3 Pénsese en obras castelás cal *Mari Hernández la gallega*, de Tirso de Molina, a que se acrecentou a peza de Francisco de Castro *Baile de la gallegada*, estreada co texto de Tirso no ano 1704 conforme indica Pensado (1985: 294); no *Entremés de los gallegos*, redixido no século XVII; ou, inclusive, nun *Entremés del gallego*, escrito na centuria seguinte. Voltaremos sobre isto en 2.2.

formas dialectais ourensás e lucenses, como *ei* por *ai* (SEI 17) ou aínda *us* no canto de *uns* (SEI 17).

A *História de Dom Servando*, falso cronicón escrito entre 1625 e 1635 por Juan Francisco Fernández de Boán y Araújo, é singular dentro do *corpus* textual do galego medio polas circunstancias e condicionantes da súa composición: por un lado, o autor deita un verniz propositadamente arcaico na lingua para a obra se confundir cunha xénese medieval, aínda que, seguindo Souto Cabo (2007: 186-187), a "caracterizazón arcaizante viña ser até certo ponto desnecesária se pensarmos que a utilización insólita do galego xa bastaba para lle dar un ar pretérito". Alén deste punto de partida, e coas naturais prevencións, interesa sabermos a rexión con que se podería identificar a lingua do autor. Neste sentido, Souto Cabo (2007: 188), en base aos aspectos lingüísticos do texto, non hesita en a facer corresponder coa "depresón do Miño ourensano e a zona circundante". En harmonía con estes datos, atéstanse formas propias desa rexión como *aquil*, *aquiles* ou *il* (*pidiu campo ò rey contra aquil home*, HS 75; *E finaron aquiles dous irmaos*, HS 39; *E veu Publio Cornelio contra iles*, HS 43; etc.), que, no entanto, ocorren minoritariamente a carón dos comúns coa vogal <e>, ao paso que as formas de T1 sempre aparecen con este elemento vocálico na raíz. Ao mesmo tempo, non falta algún exemplo de pronome reforzado (*aquesta loucura*, HS 87), embora só nunha ocasión.

Da poesía de temática relixiosa podemos apuntar máis testemuños canto á diversidade dialectal do masculino na súa raíz. Curiosa é, neste sentido, a panxoliña intitulada "Asturiano y gallego a la Navidad", escrita en meados do século XVII por Manuel Bravo de Velasco y Pantoja; o texto, con fragmentos en galego, asturo-leonés e español, proporciónanos, nas súas partes galegas, o exemplo seguinte, en que alternan tanto unha forma hipercaracterizada como unha outra sen esta particularidade: *Muito quero este miniño, / mais istes soldados hoxe / non deixan fraco serviço* (SEI 71). O resto das composicións enmarcadas nesta corrente relixioso-popular non ofrece máis singularidades salientábeis: nunha composición anónima de 1666, por exemplo, unicamente se acha a variante máis xeral (*co'este foeiro*, SEI 76), en canto que as outras non proporcionan ningunha mostra pertinente.

Na *Contenda dos labradores de Caldelas*, escrita por Gabriel Feixó de Araújo no ano 1671, os masculinos posúen sempre unha raíz <e> (*¿Este que estará facendo?*, SEI 86; *estes penedos*, SEI 90 etc.), igual que no texto de 1679 coñecido como "Relazón da carta xecutoria e copia de os que venderon a Frouseira", a pesar de encontrarmos un pronome persoal con vogal palatal fechada (*coíl*, SEI 102) que ocorre a carón da forma pronominal máis común (*coel*, SEI 102).

Canto aos *Romances das Festas Minervais*, de 1697, detéctanse formas que voltan a insistir na pertinencia xeográfica de certas variantes pronominais. Así, aparece *il* nos metros do Padre José Gil Taboada nun contexto en que non hai lugar para a hesitación





(*Ela o sustentou no berzo, / il escola lle fundou*, SEI 39), ao paso que nos versos de José Guerrero Lasso, xunto a *eiquí* (SEI 44) e *il* (SEI 45), se rexistran os exemplos *diste papel* (SEI 44) *iste é o fallo* (SEI 46). Merece tamén citárense os casos de formas reforzadas, unha que non presenta problemas canto á súa autoctonicidade, como a proveniente da composición de Francisco Antonio del Valle *aquesta* (*saco aquesta consecuenza*, SEI 33), empregada ao lado de *esta* (*desta enfeita* SEI 31), e unha outra de máis dubidosa autoctonía, cal *aquestos*, tirada da poesía de Ignacio Rodríguez (*¿Son aquestos fundamentos / de máis alta consecuenza*, SEI 54).

Paralelamente, os "Versos gallegos a Nuestra Señora de Reza", do ourensán Noguerol y Camba, posúen, en 1708, o pronome *iste* (*que en iste pobo se adora* [...]. / *Que istes versos sejan meus*, SEI 115). No texto ocorren outras formas tipicamente da rexión, como *ladrós* (SEI 117), *eiquí* (SEI 117) ou aínda algunha máis propia do oriente do país, cal *hoi* e *quatro* (SEI 115), circunstancia que parece verificar a autenticidade dos testemuños nos pronomes. Por súa vez, do fragmentario texto de Pablo Mendoza de los Ríos, datado en 1731, pouca información se pode extraer, a non ser o testemuño unánime de radicais con vogal <e> e o participio *aquestado* (cfr. Mariño Paz 2000: 38). Canto á obra HSI, igualmente desta época, só se rexistran os pronomes con esa mesma vogal <e> en calquera xénero.

Por outra parte é preciso referírmonos a unha das obras conservadas durante os séculos XVI-XVIII que máis interesante nos parece para o asunto que nos ocupa, como é o *Coloquio de vintecatro galegos rústicos*, escrita polo bieito Martín Sarmiento en 1746. Con efecto, ao longo dos parlamentos dos protagonistas vai aparecendo unha considerábel diversidade formal dos pronomes demostrativos, algunha certamente rechamante, como o feminino con <i> para T2, outra con reminiscencias medievais, cal as variantes reforzadas para T1, de que só temos un caso. Así as cousas, dado que a cantidade de exemplos do *Coloquio* é relativamente alta a respecto de obras anteriores, podemos esquematizar a clase deíctica que se documenta no texto do modo que segue, en que, como se pode apreciar, son notábeis determinadas ausencias:

a) Formas de T1

| | Masculino | Feminino | Forma invariábel |
|---|---|---|---|
| **Singular** | *aqueste, este, iste* | *ista* | *esto, isto* |
| **Plural** | *estes, estos, istos* | *estas* | |

b) Formas de T2

| | Masculino | Feminino | Forma invariábel |
|---|---|---|---|
| **Singular** | – | – | *iso, eso* |
| **Plural** | *isos* | *esas, isas* | |

c) Formas de T3

| | Masculino | Feminino | Forma invariábel |
|---|---|---|---|
| **Singular** | *aquel, aquele* | – | – |
| **Plural** | *aqueles* | *aquelas* | |

Ora, aínda que a polimorfía é a principal característica dos demostrativos no *Coloquio*, convén repararmos na nula documentación de determinadas formas, como as esperábeis *ese* e *ise* ou aínda de T3 no masculino *aquil* e na súa forma invariábel *aquelo* ou *aquilo*, ao paso que é tamén salientábel a atestación dos pronomes femininos de T1 e T2 hipercaracterizados *ista* (*dista ben me lembro*, C 192; *por ista, pois, rua*, C 194) e *isas* (*acá non hay disas*, C 194), embora en poucos casos. O feito de alternaren as formas invariábeis de T1 e T2 con vogal <e> e <i> ao longo de toda a obra ten de se vincular aos limites dialectais da época, aínda que esas mostras poden estar relacionadas cunha persoa diferente de Sarmiento que serodiamente participaría na composición das coplas (cfr. Mariño Paz 1995: 16). Finalmente, outro dos aspectos que pide unhas palabras é o testemuño da forma reforzada *aqueste* (*aqueste terrèo*, C 263), ben como o aparecemento dos pronomes compostos, aínda que nun único caso: *estoutros dous nenos* C 187).

En último lugar, o *Romance da urca de Santo Antón*, texto anónimo datado en 1777, ofrece datos similares aos do *Coloquio* canto á polimorfía dos demostrativos, nomeadamente no paradigma habitual: documéntanse *este* (maioritario) face a *iste* e até algún exemplo de *ista*, segundo se atesta nas mostras a seguir: *este requisito* (RUS 27), *iste fála* (RUS 24), *diste modo confío* (RUS 31) etc. Subscribimos, por tanto, as palabras de Mariño Paz (2012: 155) cando afirma que se observa un "modelo interdialectal, cun maioritario e inicial apego ás formas ferrolás que se combina coa recepción de variantes lucu-aurienses no masculino".

## 2.2. Outros testemuños

Ficaría incompleta esta visión xeral se non contásemos aquí con outras informacións non xa provenientes dos textos galegos, mais da preocupación pola lingua que se manifesta nos eruditos do século XVIII, as cales veñen confirmar algúns aspectos da polimorfía dialectal da época. Neste sentido, son ben acaídas as palabras de Sobreira, que nos proporcionan dados de interese: na súa obra *Papeletas de un diccionario gallego* infórmasenos de que os pronomes demostrativos *aquel*, *aquela* e *aquelo*, típicos de Ribadavia, presentan as variantes *aquil*, *aquila* e *aquilo* na Ribeira Sacra, concretamente en Lemos e en Ribasil (cfr. Pensado 1979, I: 243-244). O interesante non é tanto a concreción xeográfica, que continúa hoxe en día a se verificar para o





masculino, como antes, en primeiro lugar, o testemuño de *aquila*, forma de certo insólita en textos e en obras anteriores e aínda hoxe marcadamente puntual, e, en segundo lugar, o pronome invariábel *aquilo*, na actualidade maioritariamente rexistrábel en áreas diferentes desa rexión. Se non quixermos acreditar na fidelidade do eclesiástico á lingua da zona, deberemos considerar o feminino e a forma invariábel como resultados formados analoxicamente polo presbítero, aínda que nos nosos tempos aínda se poden atestar tales pronomes na rexión lucu-auriense cun carácter absolutamente residual.

Máis un importante dato que nos facilita Sobreira é a sobrevivencia de *aqueste* e *aquesta*, mais utilizados coa polivalencia de significados que hoxe posúen as substantivacións *aquel* e *aquela*: "AQUESTE, TA. S. m. y fem. Aquella cosa que no se quiere o no se acierta, a decir". E aínda, para *aquesta*: "La calidad de una cosa que no se quiere nombrar, como: *Fulano he bo bó mozo, sin aquesta ningunha*". E tamén: "La calidad de alguna cosa que no se quiere nombrar, como: *Fulano hé bò, pero ten unha aquesta que...*". Xunto a estes peculiares usos do demostrativo reforzado, cita a existencia de *aquestar* e *aquestarse*, que en Ribadavia "significa hacer una acción que no se quiere nombrar por su nombre o no se acierta, como *aquestar* los santos, por adornarlos"[4]. Nalgún texto redixido na altura é posíbel acharmos a utilización de *aquestar* con estes valores, como o xa adiantado anteriormente da autoría de Pablo Mendoza de los Ríos: *está mais aquestado en essas cousas*[5]. Con todo, a carón de tal verbo, Sobreira recolle *aquelar* e *aquelarse* identificándoos coa fala das Mariñas coruñesas, na zona de Betanzos, a lles atribuír o valor de desenvolver "una acción distante que no se quiere nombrar".

Por outra parte, certas obras escritas en español en que aparecen personaxes galegas poden proporcionarnos algún dato de interese. A lingua dos protagonistas galaicos é propositadamente unha má imitación, con afán de ridiculizar o modo de falar dos habitantes da Galiza[6]. Tendo presente esta situación e a relativizarmos os trazos da

4 Nalgúns falares populares portugueses, como o da zona de Castelo Rodrigo, o verbo *aquestar* chegou até á época contemporánea. Cfr. Vasconcellos (1985: 256), que acrecenta que "parece relacionar-se com o portugués arcaico *aquesta*, que significa *acontecimento*, *caso*".

5 Posteriormente, e xa saíndomos desta época, voltaríase a documentar este participio na poesía de Leiras Pulpeiro, o que parece indicar que continuou a existir, polo menos residualmente, até século e medio máis tarde: *antes que verme aquestada, / morrer cen veces quixera* (OC 180).

6 Estas imitacións non deben ser confundidas cos denominados "dialectos dramáticos especiais", na terminoloxía de Gleason (1985: 428-429), que son as variedades utilizadas por actores e actrices para caracterizaren conscientemente a fala de persoas doutras rexións. Trátase na realidade de estilos relativamente artificiais e convencionais que serven para o público localizar a zona de proveniencia desa personaxe, aínda que non haxa unha correspondencia completamente exacta; no caso do inglés da Irlanda ou do empregado por descendentes de xente vinda desa illa, Gleason pon en relevancia que "nenhum irlandês fala como o 'irlandês' típico da rádio ou do palco", aínda que os trazos lingüísticos utilizados por ese actor ou actriz para se meter na personaxe fan que esta poida ser considerada natural da Illa Verde con facilidade. Cfr. o exposto en Sánchez Rei (2011: 50-51)

lingua por tales escritores non teren coñecemento real do idioma alén de contadísimas excepcións, citamos a dubidosa documentación que nos proporcionan os referidos escritos: nun *Entremés de los gallegos* do século XVIII rexístrase un verso en que se le *por aquestos bericuetos* (cfr. Pensado 1985: 39), que non parece ofrecer demasiadas dúbidas canto á súa foraneidade reparando noutras características lingüísticas[7]. Por outro lado, no *Baile de la Gallegada*, escrito por Francisco de Castro sobre 1704 e incluído en *Mari Hernández la Gallega*, aparece un demostrativo reforzado de T2, xa inusual na Idade Media: *Dexad aquessa cantiña* (cfr. Pensado 1985: 299). As dúas formas reforzadas, que ocorren ao lado das simples, ben poden estar en relación antes coas necesidades métricas do que con outras explicacións; porén, dado que a lingua en que se utilizan, como se dixo, tenta ser identificada co modo de falaren as galegas e galegos, non podemos descartar totalmente que ambos os testemuños estean, na realidade, a nos indicar unha certa sobrevivencia dos pronomes reforzados.

## 3. As gramáticas

As linguas do noso contorno comezan a ser obxecto de reflexión por volta do final do século XVI e dos principios da centuria seguinte, mais o galego tivo de agardar até á segunda metade do XIX para poder contar con obras homólogas ás francesas, italianas, españolas e portuguesas. Por isto, coidamos que algunhas das gramáticas portuguesas dese período poden proporcionarnos algún dato de interese a respecto do sistema de pronomes demostrativos na lingua popular e dialectal, segundo xa fixemos para outras temáticas (cfr. Sánchez Rei 2008). A nosa pesquisa acudiu tamén a certas obras gramaticais lusitanas publicadas en datas posteriores, cando non se tiña escrito ningún tratado homólogo sobre o galego ou cando os que comezaban a saír do prelo perseguían outras finalidades que a pura descrición lingüística. E botouse man, por outro lado, de certos contributos provenientes do español por quizais nos poderen fornecer apuntamentos de relevo que se tornasen úteis para as nosas finalidades.

### 3.1. As obras portuguesas

No tocante aos tratados portugueses, dada a cantidade de títulos redixidos durante os séculos XVI-XVIII, estimouse oportuno escoller só algúns, a noso ver representativos, porque un levantamento de datos de todas as obras sobordaría con moito os obxectivos pretendidos neste contributo. As liñas que se seguiron para

7 Eis o extracto da composición de onde tiramos o exemplo: *¡O, mala rayba le beña / ao primeiro que de los çelos / trago ao mundo, pues me trazen / por aquestos bericuetos! / El meu home, as meas beziñas / me an digto, que beue o bento / por Jila; e,miray, por quen / no é mays fermosa por çerto / que eu...* (tirado de Pensado 1985: 39).





desenvolvermos esta sección foron, primeiramente, comprobarmos se no portugués clásico se consideraron os pronomes reforzados *aqueste*, *aquesse* e, ao mesmo tempo, se os compostos *estoutro*, *essoutro* e *aqueloutro* contaron con algún tipo de referencia. Así, a primeira obra a que nos remitimos é a *Grammatica da Lingoagem Portuguesa*, de Fernão de Oliveira, publicada no ano 1536 (Torres & Assunção 2000). Este texto, con que se inicia a especulación lingüística no ámbito galego-portugués, responde antes a un ensaio lingüístico-cultural que a unha verdadeira gramática e, talvez por este motivo, nada ou moi pouco interesaban ao seu autor as formas pronominais demostrativas que se afastasen do que, na altura e xa con anterioridade, viñan sendo as unidades básicas de tal serie de pronomes. Deste modo, ao falar das flexións dos nomes e, por extensión, dos demostrativos invariábeis, unicamente considera *isto*, *isso* e *aquilo*, sen facer ningún comentario ás formas reforzadas ou a outras variantes que puidesen existir na oralidade quiñentista portuguesa.

Do legado de Duarte Nunes do Leão, isto é, da *Orthographia da Lingoa Portuguesa*, publicada en 1576, e da *Origem da Lingoa Portuguesa*, que sae do prelo en 1606, podemos, de forma indirecta, tirar algunha información: por exemplo, cando desenvolve o tema das letras que "dobram por corrupção" (Buescu 1983: 114), ou sexa, do grupo romance *-ss-* (<-PS-), exemplifica, alén de máis palabras, con *ipse* e *esse* e *ipsum* e *isso*, sen pór mostras destes pronomes co reforzo *ACCU. Finalmente, como dato aparentemente contraditorio, na tabela de palabras que considera en desuso figura o antigo pronome *medês* (Buescu 1983: 293), mais non así as formas *aqueste* ou *aquesse*; o carácter arbitrario de tal relación de formas, por un lado, e o feito de que *medês* é pronome moito máis esporádico na lingua antiga do que os demostrativos reforzados, por outro, pode explicar que apareza aquel e non estes.

Saíndomos, máis nunha ocasión, dos nosos limites cronolóxicos, xa do século XVIII é a *Orthographia* de Madureyra Feyjó. Ao longo das súas páxinas, só se contemplan os pronomes máis comúns (Madureyra Feijó 1734: 76, 198), sen se faceren referencias a outras formas afastadas da variedade padrón lisboeta. Unha década máis tarde, Franco, no seu *Promptuario de Syntaxe* latina, continúa as directrices marcadas pola tradición gramatical, que non consideran os demostrativos compostos; a obra deste eclesiástico mesmo obvia facer ningunha referencia aos resultados romances produto da aglutinación de *ecce* e dos pronomes deícticos, tirando os exemplos do latín mediante as formas *eccum*, *eccam*, *eccas* etc. (Franco 1743: 447-449). Aliás, en 1770 Freire da Cunha dá a lume o seu *Breve Tratado da Orthografia*, que non considera senón *este*, *esse* e *aquelle* coas respectivas flexións de xénero e de número (Freire da Cunha 1770: 7, 38).

Ao longo destes anos finais do século XVIII van aparecendo, porén, máis estudos especializados. Un destes é a *Grammatica Philosophica da Lingua Portugueza*, de Bacellar, publicada en 1783 (cfr. Torres 1996). En tratando os artigos, pon en relación

o pronome identificador *o* co pronome simples *esse*, sen que figure o equivalente composto, como tampouco ten en conta esta serie cando describe os demostrativos, xa que unicamente considera *este*, *esse* e *aquelle*. Tamén pertencente aos finais da centuria é o *Elucidário* de Joaquim Santa Rosa de Viterbo, en que se rexistran os demostrativos medievais *aqueste*, *aquesta*, *aquesto* e *aquisto*, mais xa identificados como antigos e aos cales se acrecentan os seus valores no portugués da época (Fiúza 1993, II: 544, 545 e 546, *s.v.*). Parécenos significativo que se consideren nunha obra como esta, por se consagrar a indicar cales formas xa non eran usuais na lingua corrente da altura.

## 3.2. As obras do español

Por outra banda, o castelán antigo coñeceu tamén os pronomes reforzados coa partícula *ACCU, dos cales algún estudioso insinuou que a súa documentación no galego podería deberse a unha influencia da linguaxe literaria dese idioma (cfr. Rábade Castiñeira 1989: 825-826); para este asunto en particular, apelamos ás palabras de Penny (1998: 146) cando defende que *aqueste* e *aquesse* foron abandonados a partir do coñecido como Século de Ouro español. Ora, aínda tendo sido desbotadas progresivamente polos utentes desa lingua, isto non é sinónimo de que o seu aparecemento en tratados gramaticais fose nulo. Vexamos unicamente tres exemplos en que se constata a súa existencia: o primeiro deles procede de Jerónimo de Texeda, autor da *Gramática de la lengua española compuesta en español y françes*, publicada en 1619; nesta obra, ao expor o paradigma dos pronomes que nos ocupan (cfr. Lope Blanch 1979: 64-67), constan tanto as series simples como as reforzadas e a elas van unidas as correspondencias en francés, de tal modo que *este* e *aqueste* equivalen a *cesluy-cy*, *esse* e *aquesse* son traducíbeis por *celuy-là* e, analogamente, *aquel* corresponde a *celuy-là*.

O segundo dos testemuños que traemos a estas páxinas provén da *Arte Kastellana*, de Gonzalo Correas, do ano 1627. O autor ofrece o paradigma completo en cada unha das dúas series (cfr. Taboada Cid 1984: 128-129) e aínda clarifica que *aqueste*, *aquese* e *aquel* "son compuestos de *a*, entrepuesta *qu*". Outra información curiosa que nos transmite ten que ver cos compostos modernos formados polo demostrativo e o pronome identificador *outro*: con efecto, o español coñeceu as aglutinacións *estotro*, *esotro* e *aquelotro*, que hoxe son certamente ben pouco utilizadas[8]; na

8 Deixando de parte a súa consideración como arcaísmo, dialectalismo ou popularismo, o certo é que hoxe non se emprega alén da linguaxe literaria (cfr. Fernández Ramírez 1987: 99). Variante de que se ten unha documentación tamén escasa é a forma *quillotro* ou *quellotro*, usada mesmo por Pérez Galdós, mais que xa fora condenada no amañecer do século XVII por Correas: "Los rrusticos dizen *el quillotro*, o *quillotre*, *un quillotro*, i forman verbos *quillotrar*, como se llamar, *llotrar*, i feminino *quillotra*, la como se llama" (Taboada Cid 1984: 141).





época de Correas, segundo se deduce do que figura exposto na *Arte*, era tamén posíbel documentar *aquestotro* e *aquesotro*, formas paralelas ás anteriores, en que se combina a forma reforzada co antecitado elemento identificador[9].

A derradeira obra que imos ter en consideración procede non xa do español clásico mais da segunda metade do século XIX. Embora soborde aínda máis os nosos marcos cronolóxicos, coidamos que non teñen perda os breves comentarios que nos brinda o seu autor, Commelerán (1881: 43), cando matiza que cos pronomes "*este* y *ese*, y el indefinido *otro*, se forman los demostrativos *estotro*, *estotra* y *esotro*, *esotra*; y con los demostrativos *aquel* y *ese*, ó *este*, se forman *aquese*, *aquesa*, *aqueso*, y *aqueste*, *aquesta*, *aquesto*, demostrativos que ya no se usan en buena prosa y sólo tiene aplicación en verso". Parécenos interesante que condene o emprego dos demostrativos reforzados na prosa que el considera de calidade e que permita, polo contrario, a súa utilización en textos poéticos; é esta unha apreciación que parece dar idea da vixencia de tales pronomes adscrita á lírica, en que condicionantes de rima, de medida ou até de expresividade tolerarían a utilización de elementos pronominais identificados na época pola súa marcada natureza antiga.

## 4. Discusión

De acordo cos datos que fomos expondo até o de agora, e sen entrarmos a valorizar a situación doutros pronomes ou as alteracións que foron sofrendo (o ocaso de *medês*, a pasaxe *esto>isto* etc.), os demostrativos penetran na Idade Moderna a se caracterizaren, entre outros, polos seguintes trazos, mantidos en xeral até aos nosos días: (i) as formas reforzadas medievais *aqueste* e *aquesse*, sen deixaren de ser minoritariamente empregadas nos territorios de expresión galego-portuguesa mesmo até á época contemporánea, tórnanse aínda moito máis residuais do que xa eran na época medieval; (ii) os pronomes compostos *estoutro*, *essoutro* e *aqueloutro*, só detectábeis xa ben avanzada a Idade Media[10], van ser expoñentes

9 Mais dun uso certamente minoritario, segundo lemos en Fernández Ramírez (1987: 99, nota 238): "Solo encuentro *aquellotro* (y *aquestotro*), como pronombre substantivo y adjetivo en Francisco de las Natas, *Comedia llamada Tidea* [...] y en dos pasajes de Torres Naharro".

10 En textos posteriores ás cantigas, dentro aínda do período medieval, podemos achar algúns exemplos, o que vén corroborar, máis unha vez, a súa cronoloxía serodia na Idade Media. Así as cousas, as rubricas explicativas do cancioneiro profano, paratextos redixidos nos restantes séculos do Medievo, presentan, dun total de 74 composicións, a singular cifra de cinco mostras, o que é rechamante se nos lembrarmos de dous únicos exemplos dun total de case 1680 cantigas trobadorescas (Johan Baveca no primeiro caso e Men Rodríguez de Briteiros no segundo: *e est'e sandeo e estoutro non*, LP, I 421; *Un sangrador de Leirea / me sangrou estoutro dia*, LP, II 664): *Ar fez estoutro cantar a ũu cavaleiro* (RU 147); *Estoutro cantar fez a ũa casada* (*RU* 156); *Estoutro cantar fez de mal dizer a un cavaleiro* (RU 157); *Estoutra cantiga fez Pero d'Ambrõa a Pedro d'Armea, por estoutra de cima que fezera* (RU 173).

un progresivo emprego que os fará incorporárense como formas totalmente uncionais aos paradigmas dos demostrativos, achegando valores de contraposición cfr. *Non quero esta camisa, quero estoutra*); e (iii); os elementos pronominais nasculinos *este*, *esse* e *aquel* principan a ter documentacións fidedignas canto á súa ipercaracterización dialectal en <i> nalgunhas falas galegas, nomeadamente nas ucu-aurienses. Vexamos, máis ao pormenor, estas tres epígrafes.

## 4.1. O pronome reforzado

Nos séculos que corresponden ao galego medio acentúase aínda máis o carácter esporádico da forma *aqueste* etc., que xa non era demasiado frecuente nos últimos empos medievais. A pesar desta situación, non hai ningún motivo que nos faga pensar que o seu desaparecemento se produciu ao mesmo tempo en todo o territorio, pois parécenos que a súa marxinalización non aconteceu en toda a Galiza lingüística le igual forma, mais debeu de haber zonas en que o seu ocaso veu demorándose levagariño, a teor das documentacións existentes, tanto literarias como dialectais (cfr. Sánchez Rei 2002: 118-120; Freixeiro Mato & Sánchez Rei & Sanmartín Rei 2005: 352-354); tales formas debían de coñecer un uso, loxicamente marxinal, en determinada falas, como as glosadas por Sobreira a tratar os valores de *aqueste*, *aquesta* e *aquestar*. Por outro lado, ao non podermos contar cunha visión real da lingua que nos facilitase estabelecermos características fiábeis en todo o tipo de variedades, isto é, sociais e xeográficas, tamén non nos podemos aventurar a asociarmos o uso de *aqueste* a unha determinada modalidade. De aí que nos pareza defendíbel acreditarmos nunha certa existencia dos pronomes reforzados nos primordios da Idade Moderna e durante todo este período, a pesar de non sermos capaces de determinar, como se dixo, o seu grao de recorrencia dialectal e social.

Situación de interese é a súa atestación nas gramáticas portuguesas. Os diversos obxectivos a que aspiran os autores dos tratados gramaticais portugueses comentados poden explicar, nun primeiro achegamento, o porqué de non consideraren nin os demostrativos reforzados nin aínda outras variantes dialectais e populares que de certo existirían na altura, sobre todo a termos en conta a súa atestación na epoca contemporánea en rexións como Trás-os-Montes ou a Beira por José Leite de Vasconcellos e aínda por outros autores (cfr. Sánchez Rei 2002: 118-120). Vira fácil pensarmos que estes, ao estaren a desenvolver o modo en que a xente da corte falaba ou debía de se exprimir, decidiron obviar as formas que non correspondían a eses estratos. Durante a Idade Moderna tales formas eran identificadas como unha característica de rexistros populares ou dialectais e/ou como un arcaísmo. Mais o que nos parece curioso é que, se eran consideradas así, non aparezan na tabela de palabras que Duarte Nunes do Leão dá como antigas. É posíbel, pois, que na época do humanista lusitano aínda non se tivese consciencia de tales formas seren máis





propias da lingua medieval do que da renacentista, situación que mudou nos dous séculos posteriores segundo se pode deducir da súa constatación no vocabulario de Santa Rosa de Viterbo ou noutros traballos dados a lume tamén no século XVIII.

Máis unha hipótese para termos presente asenta na posibilidade de que os gramáticos e tratadistas lusitanos considerasen as formas reforzadas do demostrativo, independentemente de se as identificaban ou non con variantes locais, como trazos da linguaxe literaria, isto é, como licenzas expresivas. A este respecto, nótese que o español, idioma que ve esvaérense os testemuños de *aqueste* e *aquesse* por volta do século XVII, posúe tratados que, nesa mesma centuria, describían o paradigma dos pronomes deícticos a incluíren as formas arcaicas; en relación con esta lingua, dada a información ás veces aparentemente contraditoria que proporcionan tales obras, Alvar & Pottier (1983: 108) sinalan que os datos de que se dispón non facilitan saber cal era a situación exacta a teor das opinións que se coñecen; os comentarios de Commelerán son certamente precisos ao identificaren o uso literario de *aqueste* e *aquese* con textos líricos, mais ultrapasan os lindes temporais de que partimos e por tal circunstancia pouco ou nada nos poden dicir a respecto da situación nos séculos anteriores.

En definitivo, e aínda que o pronome reforzado *aqueste* etc. conseguise manterse durante a Idade Moderna, ficou marcado como un elemento propio de estilos populares, dialectais ou, en todo o caso, literarios. Nalgunhas falas do dominio lingüístico galego-portugués, como as bercianas, coñeceu unha relativa especialización consistente nunha maior énfase, mais o certo é que desde os séculos XVI-XVII deixou de ser utilizado coa normalidade relativa con que se usaba nos textos medievais.

## 4.2. O pronome composto

Situación ben diferente é a dos demostrativos compostos *estoutro* etc. Nos textos medievais só se rexistran marxinalmente e en épocas posteriores á creación dos textos líricos (cfr. Sánchez Rei 2013), do cal parece deducirse que a consolidación definitiva destas formas corresponde aos séculos da Idade Moderna no espazo lingüístico galego-portugués, en que só se conservaron actualmente na linguaxe corrente da Galiza: embora algúns estudos especializados contemporáneos, cal o de Cuesta & Luz (1989: 399) ou de Teyssier (1989: 140), lles concedesen rango de combinacións morfolóxicas da lingua estándar, non faltan autores que salientan o facto de seren evitados na moderna lingua portuguesa, como Cunha & Cintra (1992: 336).

A sorte dos compostos tipo *estoutro* en relación cos reforzados como *aqueste* foi absolutamente diverxente, pois, en canto os primeiros, após se documentaren moito esporadicamente na lingua medieval, lograron triunfar no sistema lingüístico, os segundos acabaron por desaparecer. Porén, o ocaso de *aqueste* e o suceso de

*estoutro* non debe entenderse como unha simple obsolescencia morfolóxica que foi cuberta por un novo elemento emerxente: os valores respectivos de ambas as series de pronomes non coinciden, xa que, en canto *aqueste* funcionou como un elemento fundamentalmente sinónimo de *este*, *estoutro*, en confronto, achega novos matices ao sistema de deícticos pronomimais baseados na idea da contraposición. Certo é que se ten unha documentación incompleta do paradigma, pois nin *aqueloutro* nin *esoutro* figuran nos textos do galego medio, mais isto ten de se pór en relación cos textos conservados, que, como se dixo máis arriba, se caracterizan entre outros trazos pola súa escaseza.

## 4.3. O masculino hipercaracterizado

Viuse que en varias obras conservadas do Galego Medio se detectan exemplos de *iste*, *ise* etc. No entanto, nalgúns textos medievais documéntanse tamén casos de pronomes con flexión de xénero aparentemente hipercaracterizados (cfr. Sánchez Rei 2002: 82-83): o *Testamento de Estevo Peres*, redixido en 1230, en que figura *fazu ista mãda*; un escrito ourensán de 1244, no cal se le *Ista é carta de foro que faz dona Toda*; un texto redixido posibelmente antes do ano 1250 en Castro Caldelas, en que se rexistra a secuencia *mays in ipsa uilla conplan juizo sobre ipsa pignora*; un documento de 1259 en Caaveiro en que se encontran exemplos como *damos aisse Pedro*, *chante isse Pedro*, *uoz diste Pedro*, *á iste moesteyro*, *que a iste prazo*, e, tamén, *ista peea*; un texto escrito no ano 1258 na localidade lucense de Zolle, en que achamos *Quantos ista carta uirĩ* [...] *Et quẽ contr ista carta uéér et nũ créér sega maldito et pectet altera parte C.m soldos et ista carta sempre ualla*; un documento redixido no mesmo ano do que o anterior en Freán, Lugo, no cal aparece *conuẽtu de jpsj mismu lugar* e *a britar ista carta*; etc.

A respecto destas mostras, preferimos pensar que estamos diante de latinismos ou de flutuacións gráficas orientadas cara ao latín. Os exemplos citados encóntranse en textos que, do punto de vista gráfico, aínda renden unha certa preitesía ao latín, como os casos de *ipsa* ou *jpsj*, que son ben clarificadores neste sentido. Por outro lado, as formas do masculino con raíz hipercaracterizada son hoxe típicas da maior parte da provincia de Ourense e do sur de Lugo, mais as correspondentes femininas, a pesar de se poderen rexistrar nesas mesmas zonas, posúen unha presenza na lingua certamente lateral e esporádica a respecto das masculinas; por iso contemplamos con moita desconfianza os exemplos citados para o feminino, pois dubidamos de que na época medieval un sistema de demostrativos aínda relativamente incipiente xa posuíse unhas particularidades diatópicas desta índole que na actualidade son singularmente puntuais. Ao mesmo tempo, falarmos de dialectoloxía lévanos a ver se na actualidade se verifica unha continuidade lingüística e territorial entre tales testemuños e o estado moderno da lingua; nalgúns casos, cal os documentos de





Lugo, podería ser así, mais noutros non sería posíbel, como os textos de Caaveiro, do Deza ou o *Testamento de Estevo Peres*; aínda presupóndomos que, de feito, puidese haber esa dita progresión lingüístico-territorial nas mostras anteriores, cabe a posibilidade de xulgarmos que a realidade moderna das falas do galego non tivo de ficar delimitada polas mesmas isoglosas, pois estas puideron estreitecer ou alongar as áreas en que determinados fenómenos eran recorrentes.

Así pois, coidamos que, ao se trataren con moita probabilidade de grafías latinizantes, só na época da Idade Moderna[11] se pode acreditar con certa fiabilidade en que os exemplos detectados corresponden xa a mostras da hipercaracterización no masculino, sobre todo a termos en conta a procedencia xeográfica dalgúns textos. Achamos que as mostras documentadas nos séculos XVI-XVIII xa non son debidas a un afán latinizante, mais á rendibilidade oral que os autores coñecen; a isto debe sumarse o feito de tales documentacións non seren nin esporádicas nin isoladas, mais encóntranse cunha certa regularidade.

## Referencias bibliográficas

Alvar, M. & Pottier, B. (1983): *Morfología histórica del español* (Madrid: Gredos).

Buescu, M L. Carvalhão (ed.) (1983): Duarte Nunes do Leão, *Ortografia e Origem da Língua Portuguesa* (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).

C = Mariño Paz, R. (ed.) (1995): Fr. Martín Sarmiento, *Coloquio de vintecatro galegos rústicos* (Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega).

Commelerán, F. A. (1881): *Gramática de la lengua castellana. Compuesta con arreglo al plan y método más generalmente seguidos en la enseñanza del latín, y para facilitar á los alumnos de segunda enseñanza el estudio de este idioma* (Madrid: Imprenta de D. A. Pérez Dubrull).

Cuesta, P. Vázquez & Luz, M. A. Mendes da (1989) [1971]: *Gramática da Língua Portuguesa* (Lisboa: Edições 70).

11 Dispomos dalgún exemplo, no entanto, de máis complexa explicación; así, datados en 1500, temos un *non avedes de vender iste dicho foro* (DG 163) e tamén *apena pagada o non pagada toda vja iste dicho foro* (DG 164). Con efecto, deixándomos de parte os castelanismos que se achan no texto, que redundan na adscrición do documento aos derradeiros anos do Medievo, a data en que aquel foi escrito pertence a unha época en que comeza a ser discutíbel pensarmos que se tratan de formas latinizantes dada a distancia cronolóxica existente entre estas mostras e as que citamos nos parágrafos anteriores. Por outra parte, o texto foi escrito en Sobrado dos Monxes por un notario de Cesuras, zonas en que non se encontran actualmente as formas masculinas hipercaracterizadas; nótese que esta situación, a simple vista, invalida o criterio dunha presumíbel continuidade lingüístico-territorial. Perante estas circunstancias, só nos parece viábel pensarmos nun lapso do escribán ou, quizais, nunha relativa vixencia dos masculinos con <i> no radical nesas áreas, aínda que contemplemos tal posibilidade bastante discutíbel dados os inexistentes testemuños noutros documentos desas rexións e a súa nula documentación actual

Cunha, C. Ferreira da & Cintra, L. F. Lindley (1992) [1984]: *Nova Gramática do Português Contemporâneo* (Lisboa: Edições Sá da Costa).

DG = Martínez Salazar, A. (ed.) (1911): *Documentos gallegos de los siglos XII al XVI* (A Coruña: Imprenta de la Casa de Misericordia).

Fernández Ramírez, S. (1987) [s.d.] *Gramática española*. Vol. 3.2. *El pronombre*. Volume preparado por José Polo (Madrid: Arco-Libros).

Fiúza, M. (ed.) (1993) [1798-1799]: Frei Joaquim de Santa Rosa de Viterbo, *Elucidário das Palavras, Termos e Frases que em Portugal Antigamente se Usavam e Hoje Regularmente se Ignoram: Obra Indispensável para Entender sem Erro os Documentos mais Raros e Preciosos que entre nós se Conservam* (Porto: Livraria Civilização).

Franco, A. (1743): *Promptuario de Syntaxe dividido em duas partes; Na primeira se contem a Syntaxe pela mesma ordem da Arte; nos Scholios se poem a significaçaõ do nome, ou verbo, com o caso cõpetente. Na segunda se tratam algumas noticias congruentes á mesma Syntaxe, que se podem ver na página seguinte* (Évora: Officina da Universidade).

Freire da Cunha, J. Pinheiro (1770): *Breve Tratado da Ortografia, Para os que naõ frequentáraõ os estudos; ou Dialogos Sobre as mais principaes regras da Ortografia uteis para o Povo menos instruido, e para os que naõ tendo frequentado as Aulas, se achaõ hoje empregados nos escritorios publicos, e dezejaõ acerrar na praxe sem grande multiplicidade de regras a que naõ lhes saõ faceis de comprehender, e muito mais proveitozos aos meninos, que frequentaõ as Escolas* (Lisboa: Officina de Joseph da Silva Nazareth).

Freixeiro Mato, X. R. & Sánchez Rei, X. M. & Sanmartín Rei, G. (2005): *A lingua literaria galega no século XIX* (A Coruña: Universidade da Coruña).

Gleason, Jr., H. A. (1985) [s.d.]: *Introdução à Linguística Descritiva* (Lisboa: Fundação Calouste Gulbenkian).

HS = Souto Cabo, J. A. (ed.): *A História de Don Servando. Estudo e edizón* (Santiago de Compostela & Sada: Cabido da S. A. M. I. Catedral & Ediciós do Castro).

HSI = Arias, B. & Noia, Camiño (eds.) (2011): Pedro de Otero Romero y Torres, *Historia da Santa Igrexa de Iria*. Manuscrito galego do século XVIII (Vigo: Universidade de Vigo).

Lope Blanch, J. M. (ed.) (1979) [1619]: Texeda, J. de, *Gramática de la lengua española compuesta en español y françes* (México: Universidad Autónoma de México).

LP = Brea, M. (coord.) (1996): *Lírica profana galego-portuguesa. Corpus completo das cantigas medievais con estudio biográfico, análise retórica e bibliografía específica*. 2 vols. (Santiago de Compostela: Centro de Investigacións lingüísticas e literarias "Ramón Piñeiro" & Xunta de Galicia).

Madureyra Feyjó, J. de Moraes (1734): *Orthographia ou Arte de Escrever, e Pronunciar com Acerto a Lingua Portugueza. Para Uso do Excellentissimo Duque de Lafoens* (Lisboa: Officina de Miguel Rodrigues, Impressor do Senhor Patriarca).





Mariño Paz, R. (ed.) (1995): "Estudio lingüístico", en C.

Mariño Paz, R. (1998): *Historia da lingua galega* (Santiago de Compostela: Sotelo Blanco).

Mariño Paz, R. (2000): "As liñas en galego do *Theatro Moral y Político de la Noble Academia Compostelana* (1731) de Pablo Mendoza de los Ríos", *Revista Galega de Filoloxía* 1, 35-65.

Mariño Paz, R. (2012): "Estudo lingüístico", en RUS.

OC = Alonso Montero, X. (ed.) (1983): Manuel Leiras Pulpeiro, *Obras completas* (Santiago de Compostela: Sálvora).

Penny, R. (1998) [1993]: *Gramática histórica del español* (Barcelona: Ariel).

Pensado, J. L. (1979): *Papeletas de un diccionario gallego*. Tomo I. Texto (Ourense: Intituto de Estudios Orensanos "Padre Feijoo").

Pensado, J. L. (1985): *El gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos* (A Coruña: La Voz de Galicia).

Rábade Castinheira, J. C. (1989): "As formas 'proibidas' em textos do galego médio", en *Actas do II° Congresso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza*: 819-852 (A Corunha: Associaçom Galega da Língua).

RU = Lagares, X. C. (ed.) (2001): "Anexo: as rubricas explicativas (edición crítica, reprodución facsimilar e glosario)", en Lagares, X. C, *E por esto fez este cantar. Sobre as rubricas explicativas nos cancioneiros profanos galego-portugueses*: 99-258 (Santiago de Compostela: Laiovento).

RUS = Mariño Paz, R. & Sánchez Yáñez, M. & Suárez Vázquez, D. (eds.): *O romance da urca de Santo Antón (1777). Poesía en galego no Ferrol do século XVIII* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza).

Sánchez Rei, X. M. (2002): *Os pronomes demostrativos. Do latín ao galego contemporáneo*. Monografía 1 da *Revista Galega de Filoloxía* (A Coruña: Área de Filoloxías Galega e Portuguesa da Universidade da Coruña).

Sánchez Rei, X. M. (2011): *Lingua galega e variación dialectal* (Ames: Laiovento).

Sánchez Rei, X. M. (2013): "Aproximación a los pronombres demostrativos en el gallego-portugués medieval", en Company, C. & González, A. & Walde Moheno, L. von der (eds.), *Aproximaciones y revisiones medievales. Historia, lengua y literatura*: 139-177 (México: El Colegio de México & Universidad Nacional Autónoma de México & Universidad Autónoma Metropolitana).

SEI = Freixeiro Mato, X. R. (ed.) (1996): *A Nosa Literatura*. Vol. 7. *Os séculos escuros e a Ilustración galega. Antoloxía* (Vigo: A Nosa Terra)

Souto Cabo, J. A. (2007): "Estudo lingüístico", en HS.

Taboada Cid, M. (ed.) (1984): Gonzalo Correas, *Arte kastellana (1627)* (Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela).

Teyssier, P. (1989): *Manual de Língua Portuguesa (Portugal-Brasil)* (Coimbra: Coimbra Editora).

Torres, A. & Assunção, C. (2000): Fernão de Oliveira, *Gramática da Linguagem Portuguesa*. Edição crítica, semidiplomática e anastática. Com um estudo introdutório do Prof. Eugenio Coseriu (Lisboa: Academia das Ciências de Lisboa).

Torres, A. (ed.) (1996): Bernardo de Lima e Mélo Bacellar, *Grammatica Philosophica e Ortographia Racional da Lingua Portugueza; Para se pronunciarem, e escreverem com acerto os vocabulos deste idiôma* (Lisboa: Academia Portuguesa da História).

Vasconcellos, J. Leite de (1985): *Opúsculos*. Vol. VI. *Dialectologia*. Organizado por Maria Adelaide Valle Cintra. Notícia introdutoria de Orlando Ribeiro (Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda).